

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA A REALIZACIÓN DA FASE DE PRÁCTICUM DO MÁSTER INTERUNIVERSITARIO EN INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN EN DIDÁCTICAS ESPECÍFICAS PARA A EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

31/03/2023

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, e no uso das atribucións que lle confire o 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Doutra, D. Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en diante, USC), que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG do 22 de marzo de 2022), do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, e polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da USC.

Doutra, D. Julio Ernesto Abalde Alonso, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña (en diante, UDC), en nome e representación dela e en virtude do nomeamento efectuado segundo o Decreto 5/2020 do 9 de xaneiro, no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei Orgánica de Universidades 6/2001, de 21 de decembro,



modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, e no artigo 36.1.f) dos Estatutos desta universidade aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio, da Xunta de Galicia e modificados polo Decreto 194/2007, de 11 de outubro.

E doutra, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo (en diante, UVIGO), nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño (DOG nº 117, do 20 de xuño de 2022), de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019. Con enderezo en Edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

I. Que a Consellería ten a vontade de fomentar e cooperar na formación inicial e permanente do profesorado naqueles aspectos de investigación e innovación relacionados coas didácticas específicas no contexto dos centros educativos.

II. Que as tres universidades asinantes deste convenio, dedicadas a actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico, teñen a vontade de potenciar a realización de actividades formativas, especialización e prácticas en centros educativos dependentes da Consellería, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación das súas persoas tituladas.

III. O Real decreto 592/2014, de 11 de xullo (BOE do 30 de xullo) regula as prácticas académicas externas das e dos estudantes universitarios.

IV. As tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (UDC/USC/UVIGO) imparten un Master Interuniversitario denominado 'Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para a Educación Infantil e Primaria'(en diante, o Máster), autorizado por Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 13 de xuño de 2018, que se axusta integramente ao programa verificado pola ACSUG con data 17/04/2018 e que conta cunha fase de prácticum de 42 h a desenvolver en 3 semanas.

V. Que, de acordo co arriba exposto, as partes, co fin de formalizar os termos e condicións da colaboración para a realización da fase de prácticas da citada formación, acordan subscribir este convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e natureza do convenio

O obxecto deste convenio a regulación da colaboración entre a Consellería e a UDC, USC e UVIGO, para a realización do Practicum do Máster facilitando o desenvolvemento das iniciativas de investigación e innovación docente do alumnado do Máster que teñan a formación habilitante para o exercicio da docencia tanto en educación infantil, como en primaria ou secundaria. Neste último caso, o alumnado só poderá realizar o Prácticum en centros nos que se impartan ensinanzas dos dous niveis (primaria e secundaria).

Segunda. Carácter

Dado o carácter formativo dos Prácticum, da súa realización non se derivarán en ningún caso obrigas propias dunha relación laboral nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo.

Tercera. Regulación do Prácticum

A realización do Prácticum axustarase ao previsto no Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos e das estudantes universitarios, publicado no BOE núm. 184, do 30 de xullo de 2014, cuxa concreción se recolle no anexo I deste convenio, así como aos protocolos que se acorden entre as tres universidades asinantes deste convenio e a Consellería ao respecto.

Cuarta. Condicións do Prácticum

Para a selección de profesorado titor en centros educativos as partes realizarán unha convocatoria específica na que se especifiquen os requisitos e criterios de acceso, as condicións de realización, os recoñecementos asociados á participación e a temporalización do dito Prácticum, así como calquera outra cuestión que se determine de interese para a mellor colaboración e coordinación entre as entidades asinantes e os centros educativos.

Quinta.- Comisión de seguimento

Para o seguimento da execución deste convenio e a realización das propostas de modificación e desenvolvemento del que se consideren oportunas constituirase unha comisión de representantes da Consellería e das tres universidades asinantes, coa seguinte composición:

- Pola Consellería: tres persoas nomeadas polo conselleiro.
- Pola UDC, USC e UVIGO: unha persoa por cada universidade nomeada polo respectivo reitor.

A comisión de seguimento asumirá o compromiso de levar a bo fin os obxectivos que xustifican a sinatura deste convenio. Serán as súas funcións:

- Con carácter xeral, a interpretación e aplicación das estipulacións deste convenio, así como velar polo seu cumprimento.
- Propoñer para a súa aprobación polos órganos competentes addendas ou modificacións deste convenio.

Sexta. Valoración económica

A realización deste convenio non supón ningún gasto para as institucións asinantes polo que non se precisa dotación orzamentaria.

Sétima. Rexistro Central de Delincuentes Sexuais

De acordo co establecido na Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2105 e a Lei 45/2105, o alumnado que realicen as prácticas recollidas neste convenio, cando impliquen contacto habitual con menores deberá presentar, antes do seu comezo, certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, de non ter condena por sentenza firme por delito ningún contra a liberdade e indemnidade sexual, ante a súa universidade, que será a encargada de verificar este extremo.

Oitava. Información básica sobre protección de datos persoais

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos do seu expediente persoal.
2. Co fin de darlle a publicidade exigida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como son os diarios oficiais, páxinas web e os taboleiros de anuncios.
3. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.
4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos.

Novena. Rexistro de convenios

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das universidades asinantes para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Décima. Causas de resolución

Este convenio resolverase polas seguintes causas:

- a. Incumprimento total ou parcial dalgún dos seus puntos.
- b. Transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

A resolución do convenio, polas causas citadas, non poderá afectar ás actividades iniciadas pendentes de execución.

Décimo primeira. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Décimo segunda. Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura, estará vixente no curso escolar 2022/23, e poderá ser prorrogado por cursos escolares sucesivos, cos límites establecidos no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes cunha notificación á outra con dous meses de antelación.

E, en proba de conformidade, as partes asinan este convenio dixitalmente.

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades Román Rodríguez González	O reitor da Universidade de Santiago de Compostela Antonio López Díaz
O reitor da Universidade da Coruña Julio Abalde Alonso	O reitor da Universidade de Vigo Manuel Joaquín Reigosa Roger

ANEXO I

REGULACIÓN DO PRÁCTICUM DO MÁSTER INTERUNIVERSITARIO EN INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN EN DIDÁCTICAS ESPECÍFICAS PARA A EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA EN CENTROS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS, DE ACORDO CO ESTABLECIDO NO REAL DECRETO 592/2014, DO 11 DE XULLO (BOE DO 30 DE XULLO) QUE REGULA AS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DOS ESTUDANTES UNIVERSITARIOS.

Obxecto

O obxecto do máster é proporcionarlles ás persoas tituladas nos graos en Educación Infantil e Primaria, así como a profesionais da docencia, a posibilidade dunha especialización en investigación e innovación en didácticas específicas. Dentro do máster o obxectivo do prácticum é basicamente o de analizar propostas innovadoras e poder recoller información para unha posterior análise no marco de proxectos de investigación educativa.

Carácter

Dado o carácter formativo do Prácticum, da súa realización non se derivarán en ningún caso obrigas propias dunha relación laboral nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo.

Réxime

A UDC, USC e UVIGO axustaranse á normativa vixente en cada momento para tramitar, xestionar e difundir as prácticas académicas externas nos estudos de máster, en particular o desenvolvemento destas aterase ao establecido no Real decreto 592/2014,



do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios (BOE do 30 de xullo de 2014).

A adscrición do alumnado que vai realizar as prácticas deberá facerse de acordo cos criterios fixados polas persoas responsables, nas tres universidades do SUG, da titulación do máster, nos centros educativos dependentes da Consellería, en relación con esta titulación.

Para isto, os centros universitarios realizarán unha convocatoria pública para o alumnado matriculado no título, na que se indicará o número de estudantes de prácticas e as condicións da práctica académica externa, garantindo os principios de transparencia, publicidade e igualdade de oportunidades.

Persoas beneficiarias e requisitos

Para realizar o prácticum no máster DIDES, o programa de prácticas académicas desenvolverase conforme os seguintes termos:

1. A duración das prácticas externas será a que estableza o plan de estudos correspondente nos termos establecidos polo artigo 12.6 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.
2. O alumnado contará cunha persoa titora do centro educativo da Consellería e con outra das facultades correspondentes para realizar as prácticas.
3. O proxecto formativo no que se concreta a realización de cada práctica académica externa fixará os obxectivos educativos e as actividades que se desenvolverán.

Dereitos e deberes

- Da persoa titora do centro colaborador

1. Dereitos



- a. Ao recoñecemento da súa actividade colaboradora por parte da UDC, USC ou UVIGO cunha certificación acreditativa do traballo realizado, en función dos termos establecidos por esta, e a petición do interesado.
- b. A ser informada da normativa que regula as prácticas externas así como do proxecto formativo e das condicións do seu desenvolvemento.
- c. Ter acceso á UDC, USC ou UVIGO para obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fins propios da súa función.

2. Deberes

- a. Acoller o alumnado e organizar a actividade a desenvolver de acordo co establecido no proxecto formativo.
- b. Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.
- c. Informar o alumnado da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
- d. Coordinar coa persoa titora académica da UDC, USC ou UVIGO o desenvolvemento das actividades establecidas, incluíndo aquelas modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o normal desenvolvemento da práctica, así como a comunicación e resolución de posibles incidencias que puidesen xurdir no desenvolvemento dela e o control de permisos para a realización de exames.
- e. Emitir un informe final que lle remitirá á persoa titora académica da UDC, USC ou UVIGO á conclusión das prácticas, que recollerá o número de horas



realizadas por cada estudante, no que poderá valorar aspectos referidos, de ser o caso, tanto ás competencias xenéricas como ás específicas, previstas no correspondente proxecto formativo.

- Da persoa titora académica

1. Dereitos

- a. Ao recoñecemento efectivo da súa actividade académica nos termos que establezan as universidades de acordo coa súa normativa interna.
- b. A ser informada da normativa que regula as prácticas externas así como das condicións baixo as que se desenvolverá a estancia do estudiantado que tutelarán.
- c. Ter acceso ao centro educativo para o cumprimento dos fins propios da súa función, e a aquela información imprescindible para o exercicio da súa actividade.

2. Deberes

- a. Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade do horario de realización das prácticas coas obrigas académicas, formativas e de representación e participación do estudiantado e de asistencia a actividades de avaliación doutras materias.
- b. Facer un seguimento efectivo das prácticas coordinándose para iso coa persoa titora da entidade colaboradora e vistos, de ser o caso, os informes de seguimento.
- c. Autorizar as modificacións que se produzan no plan de traballo.



- d. Levar a cabo o proceso avaliador das prácticas do estudiantado tutelado de acordo cos procedementos que establecen as universidades cubrindo o correspondente informe de avaliación.
- e. Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza como consecuencia da súa actividade como persoa titora.
- f. Informar o órgano responsable das prácticas externas nas facultades correspondentes das posibles incidencias xurdidas.
- g. Supervisar e, de ser o caso, solicitar a adecuada disposición dos recursos de apoio necesarios para asegurar que o alumnado con discapacidade realice as súas prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

- Do estudiantado en prácticas

1. Dereitos

- a. Á tutela, durante o período de duración da correspondente práctica, por unha persoa docente do centro no que cursa os estudos de máster e por unha persoa profesional que preste servizos nos centros dependente da Consellería onde se realice.
- b. Á avaliación de acordo cos criterios establecidos polas universidades.
- c. Á obtención dun informe por parte da entidade colaboradora onde realizaron as prácticas, con mención expresa da actividade desenvolvida, a súa duración e, de ser o caso, o seu rendemento.
- d. A cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, previa comunicación con antelación suficiente á entidade colaboradora.



- e. A dispoñer dos recursos necesarios para o acceso do alumnado con discapacidade á tutela, á información, á avaliación e ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.
- f. A conciliar, no caso do alumnado con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa situación de discapacidade.
- g. Aqueloutros, de ser o caso, previstos na normativa das universidades.

2. Deberes

- a. Cumprir a normativa vixente relativa a prácticas externas establecida pola UDC, USC ou UVIGO.
- b. Coñecer e cumprir o proxecto formativo das prácticas seguindo as indicacións da persoa titora asignada pola entidade colaboradora baixo a supervisión da persoa titora académica das universidades.
- c. Manter contacto ca persoa titora académica das universidades durante o desenvolvemento da práctica e comunicarlle calquera incidencia que poida xurdir nela, así como facer entrega dos documentos e a memoria final que lle sexan requiridos.
- d. Incorporarse á entidade colaboradora de que se trate na data acordada, cumprir o horario previsto no proxecto educativo e respectar as normas de funcionamento, seguridade e prevención de riscos laborais dela.
- e. Desenvolver o proxecto formativo e cumprir con dilixencia as actividades acordadas coa entidade colaboradora conforme ás liñas establecidas nel.
- f. Elaboración da memoria final das prácticas na que deberán figurar, entre outros, os seguintes aspectos: datos persoais de cada estudante; entidade colaboradora onde realizou as prácticas e lugar; descrición concreta e



detallada das tarefas; traballos desenvolvidos e departamentos da entidade aos que estivo asignado; valoración das tarefas desenvolvidas cos coñecementos e competencias adquiridas en relación cos estudos universitarios; relación dos problemas suscitados e o procedemento seguido para a súa resolución; identificación das achegas que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas; avaliación das prácticas e suxestións de mellora.

- g. Gardar confidencialidade en relación coa información interna da entidade colaboradora e gardar segredo profesional sobre as súas actividades, durante a súa estancia e finalizada esta.
- h. Mostrar, en todo momento, unha actitude respectuosa cara á política da entidade colaboradora, salvagardando o bo nome da universidade á que pertence.

Certificacións e recoñecementos

Ao finalizar as prácticas, as universidades entregaranlle a cada estudante un certificado que conterá como mínimo os seguintes aspectos:

1. Titular do documento.
2. Entidade colaboradora onde se realizaron as prácticas.
3. Descrición da práctica especificando a súa duración e datas de realización.
4. Actividades realizadas.

A persoa titora da entidade colaboradora recibirá unha certificación da universidade de recoñecemento polo labor realizado. As universidades remitiranlle ao Servizo de Formación de Programas de Formación unha certificación coa relación do profesorado dos centros sostidos con fondos públicos que colaboraron durante o curso como

persoal titor de prácticas, para os efectos do establecido no artigo 39 de Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia.

Coa finalidade de manter en todo momento o rexistro de estudantes participantes baixo este convenio, aqueles centros ou servizos nos que se realicen as prácticas comunicaranlle á facultade á que estea adscrito o alumnado calquera alta ou baixa que se produza. Xunto á alta de cada estudante, comunicarán tamén a data do comezo e finalización das prácticas, o período de vacacións, se o houberse, o lugar do desenvolvemento e o seu contido.

Seguro para o alumnado de prácticas

Os alumnos/as, mentres estean matriculados/as nas materias do Prácticum, están amparados polo seguro escolar, ata os 28 anos de idade.

A UDC, USC e UVIGO teñen subscrito, ademais, un seguro de responsabilidade civil e outro de accidentes, complementarios ao seguro escolar.

A inclusión no réxime xeral da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas académicas externas rexerese polo establecido no R.D. 1493/2011, do 24 de outubro, e polo desenvolvemento normativo establecido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Responsabilidade das actuacións

A realización das prácticas non implica relación contractual laboral, nin de ningún outro tipo, entre o alumnado que vaia desenvolver as actividades contidas no programa de formación práctica e a Consellería, de tal xeito que non se lle poderá esixir

responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos
acaecidos no desenvolvemento das prácticas.